



## **BANDO REGULADOR PARA A AUTORIZACIÓN DE APERTURA DE FURANCHOS NO CONCELLO DE CANGAS**

1.- Este bando ten por obxecto informar sobre a venda e consumo nos furanchos do Concello de Cangas, de conformidade co disposto no Decreto 215/2012, de 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia e na Ordenanza municipal reguladora da actividade de furanchos no Concello de Cangas (BOP núm. 31 de 14.02.2014)

2.- Terán a consideración de furanchos aquelas adegas cuxa actividade principal sexa a de subministrar mediante prezo o viño excedente de consumo propio que procede dos seu viñedos.

3.- Os/as colleiteiros/as que pretendan vender o viño en furanchos necesitarán de autorización municipal e para realizar a actividade propia dos establecementos regulamentados na norma establecida no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, será requisito previo a obtención da autorización de apertura.

4.- A autorización municipal outorgarase previa solicitude presentada polo/a interesado/a, na que faga constar o lugar exacto onde se sitúa a actividade, o número de litros que se pretende vender, a variedade ou variedades de uva da que procede e o período en se que pretende poñer á venda o seu consumo, que en ningún caso poderá ser superior a tres meses durante o período que vai dende o **1 de decembro ata o 30 de xuño**. Fóra deste período non pode estar aberto ningún furancho. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Declaración responsable. (Anexo II dispoñible en información do Concello).**
- 2) Fotocopia compulsada do DNI do/a solicitante.**
- 3) Fotocopia compulsada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.**
- 4) Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas no Rexistro Vitícola de Galicia.**
- 5) Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola.**
- 6) Documento que acredite a subscrición dunha póliza de seguro de responsabilidade civil.**
- 7) Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.**



Concello de Cangas

**8) Sinalización da elección do período de apertura.**

**9) Proxecto técnico asinado polo facultativo/a competente con pronunciamento expreso sobre o cumprimento da normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios, a sanitaria fronte ao tabaquismo e calquera outra que resulte legalmente aplicable.**

**10) Análise do viño posto á venda.**

**11) Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade destes.**

5.- O Concello resérvase a facultade de constatar en calquera momento a observancia e cumprimento das condicións hixiénicas e sanitarias necesarias para o desenvolvemento desta actividade, debendo contar o establecemento con iluminación e ventilación.

6.- Nos furanchos ponderase ofertar exclusivamente ata un máximo de cinco tapas, nos termos establecidos no artigo 6 da Ordenanza municipal reguladora da actividade de furanchos no Concello de Cangas

7.- Os furanchos exporán, en lugar visible, un distintivo oficial (artigo 6.3. do Decreto 215/2012) e poderán anunciar a súa existencia mediante o distintivo tradicional da póla do loureiro.

8.- O horario de apertura para a venda e degustación do viño será dende as **12:00 horas ás 15:00 horas e das 19:00 horas ás 24:00 horas.**

9.- O constatado incumprimento deste bando dará lugar á revogación automática da autorización concedida

10.-O Concello de Cangas procederá á inscrición no rexistro de furanchos.

Cangas, 9 de novembro de 2017, o Alcalde, Xosé Manuel Pazos Varela.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850